



CARTA ABERTA A MARIO PAZOS E JULIO SANTOS PENA

Prezados Srs.:

Logo de ler no “Faro de Vigo” do domingo día 13 de marzo as súas respectivas columnas “Marisqueo y contaminación de la Ría” e “Saneamento” (esta última na sección “El Mirador de Marín”), debo recoñecer que me custa traballo crer que algunhas das afirmacións vertidas por Vdes. en relación á sentenza ditada o pasado día 10 polo Tribunal de Xustiza da UE poidan ser froito exclusivamente do descoñecemento na materia.

En primeiro lugar, a sentenza conclúe que o Reino de España incumpre a Directiva 91/271/CEE e que, como consecuencia deste incumprimento, as augas da Ría non reúnen as condicións de calidade esixidas para unha zona declarada como zona sensible. E fala a sentenza de “augas residuais urbanas” que –contrariamente ao que Vdes. pretenden facer ver- non son só as augas de procedencia doméstica. Tal como se lembra na propia sentenza (que cita o artigo 4 da directiva que nos ocupa), as augas residuais urbanas a efectos de aplicación da lexislación, son tanto as augas procedentes dos domicilios como aquelas industriais que saen ao medio mesturadas con augas daquela natureza. É dicir, contrariamente ao que Vdes. afirman –por certo, sen aportar soporte de tal afirmación- a sentenza europea fala tamén das augas de vertido procedentes de ENCE que saen á Ría xunto coas augas de orixe doméstica procedentes de Poio, Pontevedra e Marín. Deben saber Vdes. que a Directiva 91/271/CEE, cando fala de “aglomeracións poboacionais” inclúe tamén a ENCE.

A estas alturas deberían saber tamén que a sentenza da que vimos falando, ten como orixe unha queixa formulada pola APDR no ano 1999 diante da Comisión Europea, queixa na que denunciabamos a falta de depuración das augas residuais urbanas e o incumprimento da directiva que nos ocupa. Xa que logo, por que ese interese en negar a realidade? Por que tratar de tildar de parcialidade á asociación que presido? A APDR non limita as súas denuncias aos vertidos de ENCE pero, cousa ben distinta, é que se poida obviar que ENCE –ao igual que as administracións con competencia na depuración das augas domésticas- incumpre a Directiva 91/271/CEE. Non se pode negar, sen faltar á verdade, a importante carga contaminante do vertido de ENCE no que fai a materia orgánica e a bacterias coliformes, porque esta realidade vén ratificada polos datos enviados por ENCE a Augas de Galicia e polas inspeccións realizadas polo citado Organismo autónomo nas augas de vertido da fábrica de pasta de papel.

E di Vde., Sr. Pazos, que os mariscadores defenden o mesmo que Vdes.; non é certo Sr. Pazos. A inmensa maior parte das mariscadoras e dos bateiros da Ría entenden e comparten as nosas posicións e só a Patroa Maior e algunha das mariscadoras da Confraría de Lourizán defenden a inocencia de ENCE nesta contaminación. Direilles, ademais, que para a xente do sector son moitas as razóns que levan a Carmen Vázquez a defender esta posición, razóns que, por prudencia, prefiro non reproducir. Na APDR sabemos as razóns que moven ás administracións do PP a tentar eximir de responsabilidades á pasteira de Lourizán, que teñen moito que ver co coñecido fenómeno das “portas xiratorias”; as súas, Srs. Pazos e Santos, saberanas Vdes.; en todo caso, se é a falta de información ou formación o que lles leva a terxiversar a realidade e a desviar a atención e as responsabilidades da empresa ENCE dirixíndoas cara aos ecoloxistas, saiban que na APDR estamos abertos a facilitarlles toda a información que precisen e a discutir con Vdes. o que faga falta; iso si, sempre con datos oficiais e obxectivos sobre a mesa.

Entre tanto, reciban un saúdo...

Pontevedra, 14 de marzo de 2016

Asdo.: Antón Masa